

AS PALABRAS DO FUTURO

Selección de neoloxismos fornecida por Xosé María Gómez Clemente, coordinador do Observatorio de Neoloxía da Universidade de Vigo.

Web do Observatorio

<http://webs.uvigo.es/h03/webh03/MN/>

Web do proxecto Neo

<http://neoloxia.uvigo.es/proxecto.php>

O noso tema do día sobre o proxecto:

<http://www.culturagalega.org/temadia.php?id=7372>

Neoloxismos denominativos: Xerados pola aparición de novos conceptos. Teñen posibilidades de estabilizarse na lingua e pasar ós dicionarios de lingua xeral.

biblioteca virtual. Conxunto de textos editados en edición electrónica.

biocentro. Establecemento comercial onde se venden produtos biolóxicos.

biochip. Chip construído con material orgánico.

bioconstrución. Técnica de construír que emprega materiais naturais non contaminantes e que respecta o medio natural.

Bioconsumo. Consumo de produtos de cultivo biolóxico.

bioseguridade. Medidas de defensa contra a guerra biolóxica.

blairismo. Doutrina política derivada do pensamento do primeiro ministro británico.

blogueiro. Dise da persoa que elabora a súa páxina web coma se fose un diario ou caderno de bitácora.

bosnificación. Agravarse unha situación política ou social nun país ou nunha situación.

crackear. Acción de rompe-las claves de seguridade dun programa ou páxina de Internet, realizada por hackers.

desculturizar. Tirarlle a unha sociedade ou a unha persoa a cultura

dolarización. Axeitar unha economía ó patrón dólar.

e-aula. Aula dotada con medios informáticos.

e-book ou **e-libro.** Libro electrónico.

ecopacifismo. Movemento político e social que na súa ideoloxía mestura idearios ecoloxistas e pacifistas.

envase intelixente. Envase que pode proporcionar información sobre o seu contido.

grella. Programación da televisión.

hacker. Pirata informático.

minicentralización. Proceso polo que se estende a construción de minicentrales nos ríos.

multiculturalidade. Convivencia de varias culturas ou identidades.

portatextos. Aparello portátil que serve para ler e-libros (libros en edición virtual)

rocódromo. Lugar especialmente habilitado para o exercicio de deportes de escalada.

telerrealidade. Realidade que mostra a televisión.

Neoloxismos expresivos. Son palabras que teñen un carácter meramente expresivo, que aparecen como sinónimos doutras palabras xa existentes na lingua. Teñen poucas posibilidades de estabilizarse e pasar ós dicionarios. Moitos son “neoloxismos de autor”, utilizados unicamente pola persoa que os creou.

belicidade. Calidade de bélico.

bunkerizarse. Illarse, adoptando unha aptitude ríxida e inmovilista.

bushismo. Parvada típica do presidente dos Estados Unidos de Norteamérica.

caseguerra. Guerra non declarada oficialmente.

chatrevista. Publicación electrónica que se elabora coas colaboracións dos internautas.

contrasublevador. Que está en contra da sublevación, contrarrevolucionario.

corruptodemocracia. Democracia corrupta.

curtopracista. Que se fai nun curto prazo.

desgonzalización. Proceso polo que o PSOE vai abandonando o pensamento político de Felipe González, antigo secretario xeral.

drasticidade. Calidade de drástico.

filoeuro. Que está a favor da moeda única europea.

fricada. Acción propia dun “friki”, persoa extravagante.

hevicheiro. Dise daquela persoa que é seguidor da música heavy.

impáis. País que non é.

innecesariedade. Calidade do que non é necesario.

insticompetente. Dise daquel que é ou se considera competente no coñecemento das institucións.

karaokización. Vulgarización da política.

paifoquismo. Calidade do paifoco, parvo.

privacidade. Intimidade (calco do inglés).

visualidade. Calidade de visible.